

ESCOLAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS

NORMAS:

1. SOLICITUDES

Faranse nos impresos que se poderán recoller nas oficinas do Concello e no Polideportivo Municipal.

2. INSCRIPCIÓNS

Na oficina do Rexistro do Concello, de 08:00 a 14:00h.

@s alumn@s poderán considerarse admitid@s unha vez entregada e rexistrada a solicitude.

Con posterioridade o Concello lle notificará o importe e prazos para facer efectivo o pago correspondente. No momento no que este se realice considerase efectiva a matrícula.

3. PREZOS

Modalidade	1º membro	2º membro	3º membro	4º membro	2ª e sucesivas actividades
Ordinaria	56 €	56 €	42 €	42 €	42 €
Familia numerosa	28 €	28 €	14 €	14 €	28 €
Discapacitados, pensionistas e desempregados	28 €				
Cursiños	32 €	Non se contemplan ningún tipo de reducións			
Seguro	7 €	7 €	7 €	7 €	7 €

*Considérase unidade familiar a efectos de bonificacións a composta polos pais e fillos menores de 18 anos que convivan no mesmo domicilio familiar

4. PRAZOS

O prazo de matrícula ábrese o día 17 de setembro e considerase pechado unha vez cuberto o número de alumn@s previst@s por actividade e grupo.

5. REQUISITOS

@s alumn@s nov@s deberán entregar coa solicitude unha foto tamaño carné por cada actividade.

Aconséllase a tódol@s alumn@s facer un recoñecemento médico que lles faculte para a práctica da actividade elixida.

6. IDADES

Actividades pre – deportivas: Nad@s nos anos 2004 e 2005.

Actividades de Escolas: Nad@s no ano 2003 e anteriores.

Outras actividades: Nad@s no ano 1992 e anteriores.

7. HORARIOS

Figuran no cadro adxunto. Os grupos nas actividades de patinaxe artística, taekwondo, actividade pre-deportiva e tenis faranse a criterio dos profesores según idades ou niveis.

@s alumn@s nov@s de patinaxe terán un grupo de 16:45 a 17:30h. Para aqueles alumnos que non poidan asistir a esta hora, abriráse unha preinscripción para as 18:15 h.

No que atinxe aos días de clase, seguiranse os criterios do calendario escolar en relación con festivos e vacacións. Garantízase un mínimo de 24 clases (cursiños) e 48 clases (cursos normais)